

## **Lei 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sé das institucións autonómicas de Galicia**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 8, do 6.5.1982.

Emendas, BOPG núm. 13, do 1.6.1982.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 15, do 15.6.1982.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 15, do 15.6.1982.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 11, do 23.6.1982.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 19, do 10.7.1982.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 12, do 24.7.1982.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 231, do 27.9.1982.

## **Lei 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sé das institucións autonómicas de Galicia**

O artigo 8.º do Estatuto de Autonomía para Galicia determina que «unha lei de Galicia, para a aprobación da cal se requerirá o voto favorábel das dúas terceiras partes dos membros do seu Parlamento, fixará a sé das institucións autonómicas».

En cumprimento do disposto no devandito precepto, o Parlamento de Galicia co *quorum* requerido aprobou e eu dou en promulgar, en nome de El-Rei, a seguinte Lei:

### **Artigo 1**

Desígnase a Santiago de Compostela como sé do Parlamento, da

Xunta, do seu Presidente e das Consellerías.

### **Artigo 2**

O Tribunal Superior de Xusticia terá a súa sé na cidade da Coruña.

Dado en Santiago de Compostela a 24 de xuño de 1982

Gerardo Fernández Albor  
Presidente